



VIVIR CON DIGNIDADE  
DO NOSO TRABALLO



45 ANOS DO  
10 DE MARZO



HOSPITAL ÁLVARO  
CUNQUEIRO



FEMINISMO?  
SI, POR SUPOSTO



nº 4 - marzo 2017

# ferramenta

VOCEIRO DA CIG NA COMARCA DE VIGO

## 2017 un ano de loita recuperemos os nosos dereitos



MANIFESTACIÓN EN VIGO ÁS 20H DESDE A DOBRADA  
10 DE MARZO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

PAREMOS O DESEMPREGO E A PRECARIEDADE

# POLO DEREITO A VIVIRMOS CON DIGNIDADE DO NOSO TRABALLO

A bisbarra de Vigo continúa enfrontando unha situación límite, marcada por un elevadísimo desemprego que ameaza con se tornar crónico e que xa atinxe, en realidade, a máis de 70 mil persoas. Os datos da Enquisa de Poboación de Emprego confirman que a ocupación segue a retroceder. Diante da continuada destrución de emprego, a CIG, como primeira forza sindical na comarca, exige que se despreguen medidas que garantan o dereito ao traballo con salarios e condicións dignas.

Non é admisíbel que ao tempo que moitas persoas carecen de emprego, a metade dos e das traballadoras galegas teñan que traballar entre 40 e 70h semanais. Co agravante de que moitos deses excesos de xornada non se pagan. É por iso que cómpre reducir a xornada laboral ás 35h semanais e limitar as horas extraordinarias. Pero antes, a autoridade laboral e a Inspección de Traballo deben



actuar de maneira decidida para garantiren que se cumpren as xornadas reguladas. Reducindo a xornada laboral efectiva, limitando ao mínimo indispensable a realización de horas extra, asegurando ademais que toda hora traballada sexa pagada, podería repartirse o traballo existente e aumentar de maneira substancial a ocupación.

Combatermos o desemprego, pasa tamén, por poñer en marcha as nosas enormes potencialidades produtivas. A nosa

comarca precisa dun plano de reindustrialización que estimule a actividade produtiva, apostando no I+D+i e na diversificación. Mais tamén é o momento dunha decidida intervención pública directa para reactivar sectores tan importantes como a construción naval.

Ao tempo, hai que atender a situación de emerxencia social que o desemprego de longa duración está a provocar, con milleiros de fogares nos que non hai ningún ingreso. Debe garan-

tirse o dereito ao subsidio por desemprego ás persoas maiores de 52 anos e crear un salario de inserción laboral que garanta uns ingresos mínimos a todas as persoas que carezan de emprego e que teñan esgotado o seu subsidio.

É tamén esencial poñer fin á brutal precariedade do emprego existente. Marcado por unha elevada temporalidade (o 96% dos contratos que se asinan cada mes son temporais), cunha moi preocupante predominancia dos contratos a tempo parcial a cambio de infrasalarios de miseria. Para iso, é fundamental a derogación das reformas laborais (do PSOE e do PP) e da negociación colectiva.

Mais tamén é necesario que se prohiban as Empresas de Traballo Temporal, que se eliminen as modalidades contractuais máis precarias (como os falsos autónomos) e que se impida a subcontratación en cadea.

3 ANOS DE LOITA

## O PARTIDO POPULAR CONTINÚA A NEGAR O INDULTO A CARLOS E SERAFÍN

ALBERTE GONÇALVES, secretario comarcal CIG-Vigo

Vai camiño de 3 anos, o tempo que levamos a exigir un indulto para os compañeiros Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, que corrixa a flagrante inxustiza dunha condena a 3 anos de prisión por teren participado nunha folga legal, sen ter cometido ningún delito, sen ter infrinxido ningún dano contra nada e contra ningún.

Precisamente hai poucas semanas, o Parlamento de Galiza aprobou unha vez máis unha declaración institucional, coa que de maneira unánime todas as forzas políticas reclaman o indulto que evite que Carlos e Serafín poidan ingresar en prisión. É unha boa noticia que se

manteña o consenso político, e que este recolla o clamor unánime da sociedade que non pode entender como dous traballadores poden acabar no cárcere por defender os seus dereitos. Pero, compañeiras e compañeiros, non é momento de declaracións, nin de xestos, nin de boas palabras. É a hora dos feitos, é a hora das decisións.

O Partido Popular ten na súa man poñer fin ao calvario de case 3 anos que levan padecido Carlos e Serafín e as súas familias. Cada semana, o Partido Popular tivo a oportunidade de concederlles o indulto. Máis de 50 Consellos de Ministros, nos que só era necesario que tivesen a

vontade política de aprobalo. 50 Consellos de Ministros sen noticias, sen feitos, sen decisións.

Está moi ben que o PP en Galiza se sume ao resto de grupos e se una ao reclamo do indulto. Pero a esta altura o que ten que facer o Partido Popular de Feijóo é exigir aos seus xefes en Madrid que deixen de demorar máis tempo, e que concedan o indulto XA. Sen máis dilación. Sen máis espera. Que o fagan no próximo Consello de Ministros.

É tempo de feitos, de decisións. Tamén para evitar que estas situacións se volvan producir. Para que ningún traballador e ningunha traballadora volva enfrontar penas de prisión por ter exercido os seus dereitos

fundamentais. Por iso reclamamos tamén, ás forzas políticas progresistas, que agora que o PP perdeu a súa maioría absoluta no Congreso, impulsen de maneira inmediata unha reforma do código penal que retire o artigo 315.3 polo que foron encausados Carlos e Serafín, e que poñan en marcha desde xa a derogación da lei mordaza.

Porque compañeiras e compañeiros, seguiremos a nos mobilizar, por suposto que si. Continuaremos na loita na rúa e nos centros de traballo. Pero non queremos ter que volvelo facer nunca máis para berrar que defender a clase traballadora non é delito. Por iso, Carlos, Serafín: INDULTO XA!



10M, DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

## RECUPERARMOS OS NOSOS DEREITOS

Nestes últimos anos, os efectos das reformas laborais dos diferentes gobernos do PSOE, e máis destacadamente do PP, afectaron enormemente ás nosas condicións de vida e de traballo. A pobreza hoxe está relacionada co traballo en precariedade.

Principalmente, a reforma laboral do ano 2012 do PP está causando estragos nos dereitos laborais conquistados en tantos anos de loita.

A precariedade hoxe significa as facilidades no despedimento, a contratación temporal, parcial, as ETT... Todo isto permite que as empresas obriguen a traballar máis horas sen pagar e baixen ilegalmente os salarios dos convenios. En definitiva para nós, traballarmos máis e cobrarmos menos. Este era o obxectivo da reforma laboral do PP.

Hoxe sabemos que o Estado español é o único caso no que a suma dos salarios da clase traballadora descendeu nestes

6 últimos anos preto dun 11%. Contrariamente, no resto da UE os salarios subiron por encima do 9% nos casos de Alemaña e Francia e do 4,45% en Portugal. Os salarios que perdemos, que “nos roubaron” en tan pouco tempo, pasaron a mans dos ricos (o capital), que incrementaron a súa riqueza neste mesmo período en máis do 18%. A explotación da clase traballadora é máis brutal na actualidade con estas leis, con estas reformas, e xa non lles abonda con roubarnos os dereitos no traballo, senón que tamén queren roubarnos as nosas pensións.

Hoxe o PP non ten maioría no Parlamento; por tanto, a continuidade destas leis que atacan os nosos dereitos dependen daqueles que permiten que gobernen. O resultado final dependerá da resposta social da clase traballadora, da mobilización na rúa. Sempre na historia, gañamos os nosos dereitos coa loita.

VIMOS DE LONXE

## 1972 É HOXE, 45 ANOS DO DEZ DE MARZO

O dez de marzo de 1972, os traballadores Amador Rey e Daniel Niebla, perdían a vida a mans dos disparos da policía franquista. Eran as vítimas, canda dúcias de feridos, da violenta represión coa que o réxime tencionaba frear a resposta da clase traballadora que se revolvía reclamando, con mobilización e protestas, un convenio digno para o persoal da Bazán en Ferrol. O conflito iniciábase cando o plantel do estaleiro ferrolán reclama un convenio provincial de seu, á marxe das factorías da compañía en Cartaxena e San Fernando, en Cádiz. Un reclamo que tomará corpo a través de asembleas e a convocatoria de paros. Nos primeiros días de marzo os estaleiros andaluces subscriben un convenio colectivo, ao tempo que a petición galega ficaba sen resposta. As protestas gañan en intensidade e o nove de marzo a dirección de Bazán endurece a represión, suspendendo de emprego e soldo a dous vogais xurados e catro enlaces sindicais. Decisión que provoca a convocatoria de concentracións, que son desaloxadas cunha violenta carga policial, inda que a protesta continúa en forma de dúas manifestacións polas rúas da cidade.

Hai 45 anos, o fatídico dez de marzo, os operarios, ao se toparen as portas do estaleiro fechadas, iniciaron unha marcha que primeiro percorrería o centro da cidade para despois dirixírense á ponte das Pías. Alí pretendían fusionarse con outra manifestación do persoal de Astano que marchaba desde Fene a Ferrol. A Mariña colocou un barco de guerra cos canóns apuntando á ponte, para evitar unha mobilización conxunta dos dous grandes estaleiros. Todas

as tropas da zona marítima foron acuarteladas. Ao chegaren á altura das chamadas “casas baratas” a policía dispara contra a masa asasinando a Amador e Daniel e ferindo a varias dúcias de persoas. Nos días seguintes producíranse máis de 160 despedimentos. Houbo ademais detencións masivas e moitos traballadores acabaría xulgados polo Tribunal de Orde Pública (TOP) e oito enfrontarían un Consello de Guerra por “propaganda ilegal”. Ademais foron numerosas as multas e sancións.

Diante destes sucesos a protesta, en troca de se apagar, multiplicouse estendéndose a outras zonas de Galiza. Para alén dos paros na Coruña e na Universidade de Compostela, a resposta collería forza en Vigo. Na cidade olívica o once de marzo irán á folga, en solidariedade cos compañeiros de Ferrol, os planteis de Citroen, Vulcano, Barreras, Freire, Reyman e Censa. Nos seguintes días pararán Álvarez, Masso ou Santo Domingo. O día quince, a Porta de Sol acollería unha grande mobilización. A folga viguesa prolongarase por quince días, atinxindo a 28 mil operarios da industria e da construción e paralizandoo os centros de ensino.

Unha resposta que marcará a historia recente do noso país, non apenas polo alcance da mobilización e da solidariedade, senón tamén pola combatividade demostrada nun contexto de ditadura. O dez de marzo suporá un episodio decisivo no avance da conciencia de clase do pobo traballador galego, que superando o medo que impuña o fascismo pasará a ofensiva para construír unha sociedade máis xusta e libre de explotación.

## EN CONFLITO

### Protesta polo despido de tres traballadores/as en Eroski



CIG Servizos concentrouse para rexeitaren o despedimento de tres persoas traballadoras no supermercado Eroski da rúa García Barbón de Vigo. Denuncian que a compañía de distribución está a botar man da reforma laboral do PP, para se desfacer do persoal fixo e contratar eventual con peores condicións. Ademais de sinalar a falla de motivos, defenden que unha empresa "que factura millóns de euros" non pode despedir desa maneira. "Temos que impedir que boten á rúa a traballadores/as que o único que fixeron toda a súa vida foi traballar para gañar o seu salario dignamente".

### Os centros de chamadas mobilízanse para exixir un convenio xusto



No que vai de ano a CIG xa convocou dúas xornadas de folga no sector dos centros de chamadas. Os paros, realizados o 26 de xaneiro e mais o 17 de febreiro, demandan un convenio xusto para o sector cando xa se cumpren 26 meses desde que finalizara o anterior. O persoal leva desde 2014 cos salarios conxelados, nun sector caracterizado por unha elevada precariedade laboral. Diante da negativa da patronal a mellorar as condicións laborais e salariais CIG-Banca, como sindicato maioritario no sector en Galiza, decidiu promover unha nova vaga de mobilizacións.

### A folga logra a readmisión dun traballador de Alonarti



Sete días de folga indefinida conseguiron dobrar o pulso da dirección da empresa Alonarti Envases, dedicada á fabricación de envases para a industria farmacéutica e cosmética con sede no Porriño. O paro iniciouse despois de que a empresa despedise a un compañeiro afiliado á CIG co único interese de amedrentar o cadro de persoal diante do inicio da negociación dun novo convenio. O plantel reaxiu con firmeza secundando masivamente unha folga de solidariedade que concluíu logrando a reincorporación do despedido. Máis unha vitoria da loita sindical e da unidade da clase traballadora.

### HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

## CONTINUÁN OS PROBLEMAS NUN HOSPITAL SECUESTRADO POLA CONCESIONARIA PRIVADA

A CIG-Saúde continúa a defender a mellora das condicións de traballo do persoal sanitario da área de Vigo, que padecen as consecuencias da política xeral de recortes e os efectos derivados da privatización do hospital Álvaro Cunqueiro (HAC).

Demandan ao Sergas "que se estabilicen as prazas vacantes de xeito irregular", xa que se están a cubrir necesidades estruturais do sistema sanitario con contratos temporais enlazados "en clara fraude de lei", explica o secretario comarcal da CIG-Saúde, Manuel González Moreira. Reivindican que esas prazas estabilizadas e convertidas en vacantes sexan cubertas polas persoas que están anotadas nas listas de contratacións e que "posteriormente sexan ofertadas respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade, mediante unha oferta pública de emprego que cubra o conxunto das necesidades da Sanidade Pública". Neste senti-



do exixen que o Sergas negocie un Plan de Estabilidade na Mesa Sectorial, semellante ao que permitiu convocar OPEs de 3.900 prazas no ano 2008.

Por outra parte, a representación sindical dos e das traballadores do HAC denuncia a saturación do Servizo de Urxencias, reclamando a substitución das baixas que se producen, así como dotar o servizo cun cadro de persoal axeitado para atender a demanda no momento de se produciren picos asistenciais, como o rexistrado por causa do virus da gripe. Ademais, a CIG-

Saúde volveu denunciar que o centro médico carece das camas dispoñíbeis necesarias o que está provocando a derivación de pacientes a "plantas alleas á súa patoloxía".

### MELLORA NOS ACCESOS E APARCADOIRO

Outra das problemáticas recorrente é a falla de zonas de aparcamento nos arredores do novo hospital, o que ocasiona un permanente caos de tráfico con retencións importantes nas horas punta de cambio de quenda. Uns problemas de circula-

ción, que padecen tanto pacientes como persoal, dos que a CIG-Saúde responsabilizan á mala organización dos accesos e ao afán de negocio do modelo de xestión privada, imposto polo Partido Popular.

A insuficiencia de aparcadoiros acaba por provocar colas que chegan até a estrada Clara Campoamor, dificultando o tránsito de vehículos particulares, transporte público e mesmo das ambulancias. Na procura dunha solución, a CIG-Saúde vén de propor que se acondicionen varios espazos situados na contorna do hospital que foron utilizados durante a súa construción, para prazas de aparcadoiro "público e gratuito". Unha medida que xulgan factíbel e que no caso de non ser aceptada demostrará que "o hospital está secuestrado por unha concesionaria privada sobre a que o Sergas non ten ningún tipo de poder e na que só prima o principio de enriquecer inda máis as grandes empresas".

8 DE MARZO DE 2017

# IGUALDADE, PARA QUE?

A secretaría das Mulleres da CIG presentou o Informe sobre a situación laboral das Mulleres en 2016 baixo o título "Igualdade, para que?", no que se constata que as mulleres que foron quen de saír do desemprego "fixérono en condicións precarias, en ocupacións flexíbeis e informais, con contratos a tempo parcial ou temporais, subcontratas ou mesmo empregos que carecen de protección social".

Así o denunciou a secretaria das Mulleres da CIG, Margarida Corral, quen chamou a atención sobre o feito de que unha das "nefastas" consecuencias das reformas laborais e do resto de políticas postas en marcha para saír da crise foi que tamén o colectivo masculino está agora a sufrir a precariedade que antes caracterizaba o emprego feminino. Un feito que "se utiliza para pretender convencernos dunha mellora na igualdade entre homes e mulleres que non é real, nin unha conquista social, nin un trunfo das poucas políticas de igualdade existentes".

Diante desta situación, Corral denunciou que "esta non é a igualdade que queríamos as mulleres. Nós non queríamos igualarnos en precariedade. Cando exixiamos os mesmos salarios que os homes non pretendiamos obter unha rebaixa nos seus, senón os mesmos dereitos que eles a priori conseguiran".

Xunto a isto denunciou como agravante da precariedade laboral o recorte en servizos sociais, sanidade e educación, a redución dos fondos públicos destinados ás políticas de igualdade e prevención a atención ás vítimas e violencia machista e a posta en marcha de políticas "ultraconservadoras" que ao seu entender "pretenderon devolver o rol de coidadoras e reprodutoras ás mulleres, a costa de recortar as súas xornadas laborais, o cal afectou ás súas vidas laborais e afectará tamén ás súas vidas futuras".

## PARO INTERNACIONAL DAS MULLERES

A secretaria das Mulleres da CIG subliñou que "as cifras son tan demoledoras que arrepián" e chamou, ante isto, a dar unha contundente resposta mobilizadora. "Debemos recuperar a combatividade", afirmou. Por iso aplaudiu a iniciativa internacional impulsada polas organizacións feministas e anunciou que se aproveitará o Encontro de Mulleres da CIG do vindeiro ano para impulsar unha folga de mulleres en Galiza. Unha folga para a que apostou por traballar conxuntamente co movemento feminista para que participe de forma activa na convocatoria.

En todo caso manifestou, mentres esta iniciativa non se consolida, a solidariedade da central sindical coas compañeiras de diversos países do mundo que secundarán o paro convocado para este ano. "Simbolicamente pararemos con elas", dixo.

## MOBILIZACIÓNS DO 8 DE MARZO

E anunciou que ese paro simbólico farase instando a todas as mulleres da CIG a parar ás 11:00 horas e a participar na concentración convocada para o día 8 de marzo, diante da Secretaría Xeral de Igualdade, en Compostela, en solidariedade con Nélida Pisco, condutora de Autobuses de Calo, na que personalizou as demandas de todas as mulleres por representar "a meirande parte das discriminacións que sufrimos as mulleres no mundo do traballo", tras padecer durante 8 anos "acoso e terrorismo patronal".

Ademais fixo un chamamento a participar na mobilización nacional convocada polo feminismo galego o domingo 5 de marzo, ás 12:00h tamén en Compostela e nas mobilizacións comarcais convocadas para o propio 8 de marzo en diversas vilas e cidades de Galiza.



## PENSIÓNS DE MISERIA

Pola súa banda Natividade López Gromaz, responsábel do gabinete de Economía da CIG, lembrou que os anos de discriminación e desigualdade plásmanse claramente na pensión percibida ao rematar a vida laboral. De media, no ano 2015, as mulleres percibiron 346,03 euros menos que os homes. Mentres a pensión media dun home foi de 939,57€ mensuais, a das mulleres é de apenas 593,54€, o que significa o 63,2% dun home. Ou sexa, a fenda das pensións, entre homes e mulleres, é de 37 puntos, máis dun terzo de ingresos en favor dos homes.

Esta diferenza, segundo a economista da CIG, débese tanto a menores bases de cotización, como ao feito de as mulleres teran menos anos cotizados, o que dá como resultado "pensións de miseria" que supoñen uns ingresos mensuais que non acadan os 600€.

Xunto a isto alertou que "as pensionistas do futuro estanse labrando hoxe no mercado de traballo, máis precario que en décadas anteriores". De feito, de media, as mulleres cotizaron

o 79,5% do cotizado polos homes en 2014, último dato publicado na mostra continua de vidas das familias.

## XORNADAS PARCIAIS

López Gromaz chamou tamén a atención sobre o medre das xornadas parciais. A este respecto sinalou que o 61% das mulleres con estas xornadas alegan como motivo non atopar un traballo a xornada completa. "Antes da crise, as xornadas parciais utilizábanse máis como sistema de conciliación, mais agora non nolo podemos permitir. Simplemente non temos fillos/as".

Xunto a isto denunciou que o deterioro das condicións laborais das empregadas vai máis alá das xornadas parciais, ao combinárense estas con contratos temporais e de escasa duración. Neste sentido apuntou que en 2016 se asinaron 448.253 contratos a mulleres, dos cales apenas o 4,8% foron indefinidos. "Pero máis grave que a cativa porcentaxe de contratos indefinidos é a súa escasa duración, xa que o 32% duraron menos dunha semana", afirmou.

## ANÁLISE

**A pregunta non é por que son feminista. A cuestión é: como é posíbel neste mundo non selo. Este é o artigo dunha ninguén. O desafío dunha militante feminista do cotiá.**

Calquera diría que as redes sociais foron creadas para queixarse. Un espazo onde facer catarse e onde desafoxar e botar para fóra todo o que non somos quen de dicir en persoa. Unha especie de purificación ritual que permite, tras o desafoxo dos sentimentos, tirar cara adiante como se así marcharan as impurezas. Eu non estou libre desta dinámica. Non fun nunca das que calei. Amólame o silencio. Moito máis a complicidade. Éntrame o formigo cando escoito ou leo comentarios que me parecen inxustos, aínda máis cando son insultantes. Recoñezo que ás veces incomodo á xente. Porque se me coñecen saben que vou intervir.

Mais no caso das redes sociais, resúltame imposíbel. Son tan-

tos os debates abertos, a meirande parte cheos de reproches, culpabilidades ou mesmo ofensas que desboto a réplica. Non gosto da meirande parte das mensaxes e publicacións que leo, mais é responsabilidade de cada quen facelo en vivo e en directo, ou facelo premendo no teclado. Non o cuestiono. Mais si parece cuestionábel para algunhas persoas o feito de que eu publique no meu taboleiro informacións “sempre no mesmo sentido”, “por que sempre publicas cousas de mulleres?”, “sempre andas a voltas co feminicidio, xa cansa!”. E isto rematou de fartarme.

Pois ben, este é o artigo dunha ninguén. Vaia por diante que só pretende ser o que é: o desafoxo dunha militante feminista do

## FEMINISMO? SI, POR SUPOSTO

MARGARIDA CORRAL SÁNCHEZ,  
secretaria confederal das Mulleres da CIG.

cotiá. Feito desde a fatiga, desde a carraxe, o esgotamento, o aburrimiento e o noxo.

Porque vou moi farta xa das escusas. Da negación da realidade. Do oportunismo. Para o feminismo nunca é o momento. Sempre son outras as prioridades. Porque estou aborrecida de estar sempre en alerta. De cuestionalo todo. Farta de comprobar que desconectan canto tomo o palabra. Chea de ser a feminista pesada. Aborrecida de que me dean a razón para poder pasar axiña a outro tema. Cansa de que haxa sempre outras prioridades antes que as nosas reivindicacións. De que se negue o feminicidio: o asasinato de mulleres polo mero feito de selo. Unha problemática que debe ser dunha vez abor-

---

**“Non fun nunca das que calei. Amólame o silencio. Moito máis a complicidade.”**

---

dada como unha cuestión de estado. E moi farta de que se nos pregunte por que insistimos tanto co feminismo. Como se a igualdade non fose unha conquista pendente senón unha realidade.

Non lembro cando tomei conciencia de que era feminista. Durante anos botei a meirande parte dos xantares familiares castigada por cuestionar as súas verdades absolutas sobre



o contributo das mulleres. Que se non existían mulleres científicas, que se non se coñecían descubrimentos de mulleres na medicina, que se as mulleres non estábamos feitas para o traballo físico, que sei eu cantos temas xurdían da nada con explicacións pseudocientíficas, que xa daquela me incomodaban. Foron moitos os castigos por “falar de máis”. Por “interromper os maiores”. Por berrar e por discutir afervoadamente. Creio que foi aí cando decidín que era feminista.

A adolescencia supuxo asumir que en calquera momento, polo mero feito de ser muller podía ser agredida sexualmente. Foron incontábeis as veces que me atopei con homes moi maiores, na praia, nun camiño, facendo exhibicionismo. Que fun acosada verbalmente, recibindo comentarios de descoñecidos sobre o meu físico, respecto das súas fantasías sexuais e o que lles gustaría facer co meu corpo. Cantas veces tiven medo percorrendo pola noite algún treito soa, cantas foron as veces que evitei ir por algún camiño, que cambiei de beirarrúa, que sentei noutro asento no autobús. Cantas veces tiven que escoitar aquilo de: “fríxida”, “guarra”, “quentapirolas”, “fea” ante unha negativa ou por reprender a descoñecidos que me tocaban o cu, que invadían o meu espazo rozando o meu corpo, por cuestionar actitudes ou por increpalos logo de que empregaran determinados adxectivos para definir a compañeiras. Coido que foi aí cando entendín que era feminista.

## **“Para o feminismo nunca é o momento. Sempre son outras as prioridades.”**

Ou igual foi a base de escoitar aquilo de: “non te poñas histérica”, “non sexas bruta”, “mal falada”, “mandona”, “marimacho”. Da morea de veces que escoitei: “se che vai pasar o arroz”, “e os fillos para cando?”, “teu compañeiro é un bendito, con ese carácter que tes non sei como te atura”. Das veces que lin nos foros que “son unha trepa”, “algo faría para estar onde está”, “non é máis cunha cota”. Por todas as veces que escoitei “muller ao volante perigo constante”, “tiran máis dúas tetas”, “muller tiñas que ser”, “es un pouco puta”, “filla de puta”, “feminazi”, “hembrista”...

Puido ser que tomara consciencia cando me quedei embarazada por vez primeira e souben que ía ser unha nena, ou cando preñada de xemelgas, souben que ambas eran tamén mulleres. Cando fun vítima de violencia obstétrica. En cada consulta xinecolóxica, antes e despois de estar embarazada. Por cada decisión que tomaron por min sen consultarme.

Coido que me fixen feminista o día que obriguei á entidade bancaria a pedir desculpas por empregar o xénero da persoa como criterio que determine a quen se lle dirixen as comunicacións, ou que identifique á persoa titular da conta.

Por todas as veces que fartei de escoitar a escusa da economía

lingüística para invisibilizar na linguaxe á máis da metade do xénero humano. Por todas as circulares, documentos oficiais que veñen en masculino universal e volven corrixidos.

Ou tamén pode que me fixera feminista logo de ver como moitos empresarios dan a carreira profesional das mulleres por morta en canto estas deciden ter unha crianza, pedir unha redución de xornada ou unha excedencia por coidado. Por todos aqueles que non contratan mulleres de máis de trinta anos, non vaia ser que se lles ocorra quedarse embarazadas. Por todas as veces que comparo a ledicia que supón que un compañeiro de traballo vaia ser pai, fronte ao problemático que vai ser para outra compañeira ser nai.

Por todas as mulleres silenciadas ao longo da historia. Por aquelas ás que lle arrebataron o froito do seu traballo. Polas labregas, redeiras, mariscadoras, obreiras, traballadoras dentro e fóra do fogar, sustentadoras da economía do noso país. Polas anónimas. Polas que fixeron as cantigas de amigo. Por todas as grandes obras escritas por mulleres na literatura galega e universal que nunca formaron parte das lecturas recomendadas na escola.

Por Rosalía de Castro, voceira das sen voz, transgresora feminista na sombra, reducida polo patriarcado a unha escritora melancólica, e á que se lle debe o recoñecemento como a primeira feminista da nación galega e unha pioneira na literatura do noso país do novo paradigma

literario feminino. Unha referente na que mirarnos.

Polas mulleres violadas e usadas como botín de guerra. Por todas as mulleres cousificadas nos anuncios televisivos. Por todas aquelas asasinadas por mor da violencia machista mais que para algúns medios de comunicación “morreron acoiteladas”, ou “tras caer dun 3º piso”.

## **“Estou moi farta de que se nos pregunte por que insistimos tanto co feminismo, como se a igualdade fose xa realidade.”**

Polas que loitaron até conseguir o voto. Polas que -fouce en man- erguéronse contra quen pretendía eliminar o seu medio de subsistencia. Polas que sofren acoso sexual no traballo. Polas que cobran menos que un home polo mesmo traballo. Por todas aquelas que loitan pola diversidade sexual. Polas feministas do cotiá, que nun momento dado cuestionan o seu mundo e esixen o seu espazo. Por todas aquelas que esquecín nomear.

E non. Realmente non me fixen feminista por elas. Fíxeno por min. A pregunta non é por que insisto en visibilizar o contributo das mulleres nas redes. A pregunta non é por que son feminista. A cuestión é: como é posíbel neste mundo non selo.

### **LOCAIS DA CIG:**

#### **VIGO**

Rúa Gregorio Espino 47 -  
Entrechán - 36205  
Tf: 986 82 79 00

#### **O PORRIÑO**

O Piñeiral 12-14 baixo  
36400  
Tf: 986 33 72 63

#### **A GUARDA**

Praza da Guía 3, baixo  
36780  
Tf: 986 61 04 65

#### **CANGAS**

R/ Atranco 16 - entrechán  
(local A) - 36940  
Tf: 986 30 29 87

Edita:

Unión Comarcal da CIG de Vigo  
Rúa Gregorio Espino 47 - Entrechán  
36205 Vigo (Galiza)  
986 82 79 00

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)

✉ [vigo@galizacig.gal](mailto:vigo@galizacig.gal)  
f CIG Comarca de Vigo  
t @CIGVigo

Consello de Redacción:

**Executiva Comarcal CIG-Vigo**  
Coordenación:  
**Xabier P. Igrexas**  
Deseño e maquetación:  
**Breixo Lousada**

**8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA**

**MANIFESTACIÓN FEMINISTA EN VIGO, ÁS 20H DESDE A PRAZA DE PORTUGAL**

# Igualdade? para que?



Informo ao cadro de persoal  
que á vista das alarmantes  
desigualdades laborais...  
decidín igualarvos por abaixo.



Confederación Intersindical Galega

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)



*Secretaría da muller*